



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MAÑÓN

Aprobación definitiva modificación ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da piscina municipal

O Pleno municipal, en sesión ordinaria celebrada o día 7 de xuño de 2024, acordou aprobar provisionalmente a modificación do artigo 5 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da piscina municipal

O anuncio de aprobación provisional foi publicado no BOP nº 114 de data 13 de xuño de 2024.

Durante o prazo de exposición pública non se presentaron reclamacións, polo que o acordo de aprobación provisional quedou aprobado definitivamente, procedéndose a publicar o texto íntegro da Ordenanza, de conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación co artigo 17.4 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Modificación Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da piscina municipal

Artigo 5.- Cota tributaria

A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, expresada no apartado seguinte:

5.1 – Abonados:

5.1.1 – Abono individual xeral 15 entradas: 25 euros

5.1.2 – Abono individual para 15 entradas, menores de 18 anos e maiores de 65 anos: 20 euros

5.2 – Non abonados:

5.2.1 – Entrada menores de 3 anos: Gratuíta

5.2.2 – Entrada individual xeral: 2 euros

5.2.3 – Entrada individual menores de 18 anos e maiores de 65 anos: 1,50 euros

A entrada e o documento de abono que, en ningún caso, se poderán reintegrar, serán persoais e intransferibles e autorizan a entrada e o uso das instalacións durante a tempada no que se expiden.

Os menores de 12 anos deberán estar acompañados, en todo momento, por un adulto responsable.

En Mañón, 23 de agosto de 2024.

O Alcalde.- Alfredo Dovale Pedreira.

2024/5987